

COMUNICADO CONXUNTO CIG, UXT, CCOO, FSIE, ASCA

A IMPORTANCIA DE PRESERVAR A OBRA SOCIAL

No deseño do **proceso de bancarización** das Caixas de Aforros non se tivo en conta á Obra Social nin se buscaron fórmulas que garantiran a súa viabilidade, a máxima prioridade foi o Banco, e agora atopámonos con que o patrimonio da Caixa, froito do aforro de miles de galegos, se liquida a prezo de saldo por un valor irrisorio de 181 millóns de euros, o 12 % do seu valor en libros, e a Obra Social queda nunha situación moi comprometida. A semana pasada o Banco Popular comprou o Banco Pastor por 1.300 millóns de euros valorando un 77 % dos seu valor en libros, cando foi unha das cinco entidades que en xullo deste ano suspendeu as probas de solvencia da European Banking Authority. Cómo se explica?

As teorías difiren, hai quén responsabiliza da situación aos xestores pola excesiva exposición ao sector inmobiliario nos balances, xa o dixo Fernández Ordóñez “canto peor é unha Caixa menos vale”. Hai quén responsabiliza ao Banco de España por non ter exercido o seu papel de supervisor e por devalar interesadamente os activos da Caixa para liquidala a prezo de saldo e facela atractiva aos investidores. Hai quén responsabiliza á Xunta de Galicia por permitir a bancarización. Mais neste proceso hai co-responsabilidades en todas partes.

E xusto neste momento salta o escándalo das **retribucións millonarias** a 4 directivos, que darían para manter a Obra Social durante varios anos, e que alén da súa importancia económica, afectan á reputación de NCG que é un dos seus principais activos intanxibles. Mais tamén hai poderosos intereses en aproveitar esta información para manchar a imaxe das Caixas de Aforros e para xustificar a súa liquidación definitiva, e fronte a iso nós **queremos defender o único modelo empresarial que socializa unha parte significativa dos seus beneficios, e queremos defender a Obra Social e a súa importancia para Galicia.**

A Obra Social foi o departamento que retribuiu un dividendo ao conxunto da sociedade, fomentando a cultura, a educación e o deporte, xerando emprego, redistribuindo a riqueza, promovendo a igualdade de oportunidades e apoiando aos colectivos máis vulnerables, pero tamén vinculando comercialmente a moitos clientes, ONGs e empresas beneficiarias directas e indirectas. O saldo da contribución da Obra Social a Galicia é positivo.

Están en xogo moito máis que os nosos postos de traballo, están en xogo 15 centros de maiores con 40 mil socios e 4 residencias xerontolóxicas, 4 escolas infantís, 3 centros de formación profesional con máis de 800 alumnos, unha residencia de estudantes, 4 bibliotecas,

1 ciberaula, as escolas de negocios, os centros sociais e culturais nos que se desenvolven actividades centos de organizacións, o apoio ao sector da cultura, as salas de exposicións, as bolsas a estudantes, o apoio ao deporte base, os programas educativos e medioambientais, o apoio aos sectores produtivos, e os programas de apoio ás organizacións do terceiro sector de acción social, para a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade e aos colectivos en risco de exclusión social, o apoio ás actividades culturais e aos programas de emprego e inclusión social dos Concellos e as Deputacións.

Se fracasa a Obra Social, sexa un fracaso de NCG Banco, dos xestores da Caixa, da Xunta de Galicia ou do Banco de España, o que é certo é que quen sufrirá as consecuencias é a sociedade galega no seu conxunto e os traballadores e traballadoras. Por iso **queremos solucións para preservar a Obra Social**, para garantir a súa continuidade no novo escenario, e estas solucións deben implicar a todos os axentes:

- **Aos órganos de goberno da Caixa:** que se depuren responsabilidades pola situación na que queda a Obra Social e que se articulen solucións reais e viables que permitan manter a Obra Social e os postos de traballo, que soliciten a devolución das indemnizacións aos Directivos para destinalas á Obra Social.
 - Queremos que se depuren responsabilidades pola situación actual da Caixa que deixa á Obra Social nunha situación crítica para o seu futuro, por non ter defendido os seus intereses nin a súa viabilidade.
 - Pola escasa capacidade de resposta fronte á situación actual: o plan de viabilidade comezou a facerse en outubro, con todos os feitos consumados, cando a marxe de manobra xa é moi limitada.
 - Por permitir que a Obra Social ficara excluída do acordo laboral da fusión e despois polo acordo de segregación do negocio a NCG Banco, sen que a día de hoxe se abordara a integración real das plantillas das Caixas de orixe e de persoal con 6 convenios diferentes.
 - Por permitir unhas indemnizacións millonarias que dilapidan a reputación da entidade tirando por terra o bo traballo desenvolto durante anos pola Obra Social apoiando ao terceiro sector de acción social, á cultura, ao deporte, a educación e aos sectores produtivos.
 - Polas actuacións irresponsables que puxeron a NCG no punto de mira de toda a prensa española, da Fiscalía Xeral do Estado e de Anticorrupción.

- **Á dirección da Obra Social:**
 - Que elabore un plan estratéxico o máis axiña posible coa participación de toda a organización.
 - Que non se adquiran novos compromisos de gasto e que se poña en marcha un plan riguroso de control de gastos e rendibilidade dos activos cos que queda a Caixa.

- Que se eliminen os coches de representación e que se controlen as retribucións dos Directivos que quedan na Caixa, cun límite máximo para as retribucións de que ninguén cobre máis que o Presidente da Xunta de Galicia, e que garden unha proporción razoable nos gastos de persoal.
 - Que se limite o traspaso de persoas de NCG Banco á Caixa, e que todos os postos se desempeñen con profesionais da Caixa, agás aqueles cuxo perfil profesional non se poida cubrir deste xeito.
- **A NCG Banco:** que se comprometa co mantemento da Obra Social de NCG como entidade fundadora de NCG Banco.
 - **Á Xunta de Galicia:** que lexisle a fundación de carácter especial canto antes, para adaptar o marco normativo á nova realidade, e arbitre as medidas que permitan manter a Obra Social e os postos de traballo. A forma xurídica de Caixa de Aforros implica uns custos inasumibles nestas circunstancias: as reunións do Consello de Administración ou a convocatoria de Asemblea con 320 conselleiros xerais que cobran dietas.
 - **Ao Banco de España e o FROB:** que se estuden medidas conxuntas coa Xunta de Galicia para manter unha porcentaxe de participación pública no Banco que retribúa a labor social da futura Fundación.
 - **Aos partidos políticos:** que se comprometan co mantemento da Obra Social e estuden fórmulas que a fagan posible, ampliando a permanencia do FROB nos Bancos cunha porcentaxe que permita financiar o seu funcionamento.
 - **Ás organizacións do terceiro sector de acción social, asociacións e entidades deportivas, e ao sector cultural, aos Concellos e Deputacións:** que nos apoiem na defensa da Obra Social e do traballo realizado durante todos estes anos.
 - **Aos traballadores e traballadoras da Obra Social:** temos a responsabilidade de defender a Obra Social e o traballo realizado durante todos estes anos, e a defender publicamente a nosa imaxe, e comprometernos coas solucións que entre todos nos axuden a sacar adiante este proxecto e facelo viable.

Este é o noso chamamento para a busca de solucións que permitan preservar a Obra Social de Novacaixagalicia en Santiago de Compostela a 18 de outubro de 2011.

A representación do persoal de Novacaixagalicia.

CIG (Confederación Intersindical Galega), UXT (Unión Xeral de Traballadores), CCOO (Comisións Obreiras), FSIE (Federación de Sindicatos Independentes do Ensino), ASCA (Alternativa Sindical de Caixas de Aforros)